

***PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CULTURA CLÁSICA  
2019-2020***

**DEPARTAMENTO GEOGRAFÍA E HISTORIA  
IES POETA AÑÓN. OUTES**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
3. OBXECTIVOS .....	9
4. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	12
UNIDADE 1. AS LINGUAS E A SÚA ORIXE CLÁSICA .....	12
UNIDADE 2. A RELIXIÓN GRECORROMANA.....	19
UNIDADE 3. A INFANCIA NO MUNDO CLÁSICO .....	25
UNIDADE 4. O MUNDO FEMININO.....	32
UNIDADE 5. O MUNDO MASCULINO.....	38
UNIDADE 6. POLÍTICA E CIDADANÍA .....	46
UNIDADE 8. A ARTE CLÁSICA .....	63
UNIDADE 9. CIDADES ANTIGAS E MODERNAS.....	73
UNIDADE 10. XOGOS E ESPECTÁCULOS.....	82
5. TEMPORALIZACIÓN ANUAL DA MATERIA.....	89
6. RECURSOS DIDÁCTICOS.....	89
7. METODOLOXÍA .....	90
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	91
9. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.....	92
10. INTEGRACIÓN DÁS Tics. ....	92
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	93
12. INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	94
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:.....	95
13. PLAN DE RECUPERACIÓN ESTIVAL. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETIEMBRE .....	97
14. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....	97

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como finalidade facilitar ao alumnado un primeiro achegamento xeral ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico e lingüístico, con obxecto de que, a partir do seu estudo, poida tomar conciencia da pervivencia, influencia e presenza de moitos destes aspectos na cultura occidental, mellorando deste xeito a súa comprensión do que constitúe a súa identidade cultural e das diversas manifestacións que a definen.

De acordo con esta formulación, o currículo da materia articúlase nunha serie de bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes, aínda que claramente interrelacionados:

**Ámbito lingüístico**, que se orienta fundamentalmente a analizar a relación de parentesco que existe entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso se parte do concepto de familia lingüística, entendido como un conxunto de linguas que presentan características comúns nos distintos niveis da linguaxe, para centrar a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín, e da que se derivan unha boa parte das linguas modernas. [...]

**Ámbito non lingüístico**, no que se engloban o resto dos bloques propostos (xeografía, historia, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, literatura e pervivencia na actualidade) enfocados todos eles a iniciar ao alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana e, a través do seu estudo, na análise e a comprensión de moitos dos canons artísticos e os patróns culturais propios da nosa civilización.

Para sentar as bases deste estudo se parte da necesidade de situar adecuadamente no tempo e no espazo os acontecementos máis destacados da historia das civilizacións grega e romana.

## **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

### ***Descrición do modelo competencial***

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de maneira global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, na área de Cultura Clásica incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida en que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüedad, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- \* Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.

- \* Xerar criterios persoais ao redor da visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.

- \* Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

- \* Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

### **Comunicación lingüística.**

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá profundar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que nos leva a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- \* Comprender o sentido dos textos escritos e orais.

- \* Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

- \* Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor?

- \* Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

- \* Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.

- \* En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- \* Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- \* Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
- \* Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos de diversa índole.

### **Competencia dixital**

Esta materia contribúe a esta competencia debido a que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de maneira colaborativa sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Para iso, nesta área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- \* Empregar varias fontes para a procura de información.
- \* Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- \* Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- \* Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- \* Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- \* Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

### **Conciencia e expresións culturais**

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura,

arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía?); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- \* Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- \* Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- \* Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- \* Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica?), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

### **Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de lecer e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- \* Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- \* Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.
- \* Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- \* Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- \* Respectar os distintos ritmos e potencialidades.
- \* Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida en que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non renderse ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

### Os descritores que adestraremos son:

- \* Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- \* Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- \* Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- \* Priorizar a consecución de obxectivos grupales a intereses persoais.
- \* Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- \* Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- \* Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

### **Aprender a aprender**

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo aprendendo e



baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Os descritores que adestraremos son:

- \* Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- \* Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- \* Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- \* Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependiente?
- \* Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- \* Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

### **3. OBXECTIVOS**

1. Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
2. Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.
3. Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.

## PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

4. Distinguir e situar nun eixo cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
5. Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
6. Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.
7. Coñecer as características fundamentais da arte grego e romano e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
8. Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.
9. Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
10. Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa pervivencia na sociedade actual.
11. Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
12. Identificar as principais formas de traballo e de lecer existentes na Antigüedad.
13. Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.
14. Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
15. Coñecer a orixe común de diferentes linguas.

## PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

16. Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
17. Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.
18. Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatino na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
19. Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade.
20. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
21. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
22. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

## **4. UNIDADES DIDÁCTICAS.**

### **UNIDADE 1. AS LINGUAS E A SÚA ORIXE CLÁSICA**

#### **INTRODUCCIÓN.**

O alumno comprenderá a relación de parentesco que existe entre as linguas clásicas e outras linguas que se falan na actualidade; coñecerá o concepto de familia lingüística e as principais características das linguas indoeuropeas. Os alumnos identificarán algúns étimos gregos e latinos do léxico castelán; diferenciarán as palabras patrimoniais dos cultismos e latinismos; coñecerán a evolución de distintos sistemas de escritura. Os alumnos descubrirán representacións da mitoloxía clásica na contorna urbana.

#### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer o concepto de linguas indoeuropeas, as súas principais familias e as linguas modernas que as integran.
2. Identificar as linguas de España, as súas características e o proceso de formación das linguas romances.
3. Recoñecer os diferentes soportes e características dos sistemas de escritura na Antigüidade.
4. Coñecer a evolución dos alfabetos grego e latino, a súa escritura e a súa pronunciación.

## PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

5. Identificar a herdanza lingüística do grego e do latín nas linguas modernas e a pervivencia do mundo clásico en elementos arquitectónicos actuais.
6. Coñecer as características do heroe mítico e os principais elementos, e o significado do mito da deusa Cibeles.

### CONTIDOS DA UNIDADE/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<b>1. A clasificación das linguas</b> - Coñecemento dos dous principais tipos de clasificación das linguas: tipolóxico e xenético, do seu método, así como do concepto de familia lingüística e protolingua.	1. Comprender a clasificación das linguas segundo o criterio tipolóxico e xenético. Valorar a diversidade lingüística como un patrimonio da humanidade.	1.1. Recoñece os tipos de clasificación das linguas, a súa metodoloxía e os conceptos de familia lingüística e protolingua.	CCEC, CD, CSIEE
		1.2. Valora a diversidade lingüística como un patrimonio da humanidade.	CCEC
<b>2. A familia indoeuropea</b> - Coñecemento do concepto de familia indoeuropea, así como das súas principais características históricas, xeográficas e lingüísticas. Identificación dos grupos de linguas e linguas modernas que pertencen á familia indoeuropea.	2. Coñecer o concepto e as características da familia indoeuropea, así como as linguas modernas que pertencen a ela.	2.1. Coñece o concepto de familia indoeuropea, así como as súas principais características históricas, xeográficas e lingüísticas.	CSC, CCEC, CAA
		2.2. Recoñece os grupos e linguas que conforman a familia indoeuropea.	CSC, CCEC, CAA
<b>3. As linguas romances de España</b> - Recoñecemento do proceso de formación das linguas romances de España, dos diversos factores históricos e	3. Identificar as linguas romances actuais de España e entender o seu proceso de formación. Valorar a diversidade lingüística	3.1. Identifica as distintas linguas romances que se falan actualmente en España e coñece o seu proceso de formación.	CCEC, CCL

## PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

lingüísticos que interviñeron, así como identificación das distintas linguas romances que se falan na actualidade en España.	de España como patrimonio cultural.	3.2. Valora a diversidade lingüística de España como patrimonio cultural.	CCEC
<b>4. O éuscaro</b> - Distinción do éuscaro como lingua prerromana non indoeuropea e a súa relación lingüística co latín e as linguas de contacto.	4. Establecer as características do éuscaro como lingua prerromana e a súa relación co latín e o castelán. Valorar a diversidade lingüística de España como patrimonio cultural.	4.1. Identifica o éuscaro como lingua prerromana non indoeuropea e a súa relación co latín e as linguas de contacto.	CCEC, CSC
		4.2. Valora a diversidade lingüística de España como patrimonio cultural.	CCEC
<b>5. Os soportes da escritura</b> - Recoñecemento dos distintos soportes da escritura que se empregaban na Antigüidade.	5. Coñecer os soportes da escritura que se utilizaban na Antigüidade. Valorar a achega da tecnoloxía na súa evolución ata a actualidade.	5.1. Identifica os distintos soportes da escritura que se utilizaban na Antigüidade	CMCT, CCEC, CSIEE
		5.2. Valora a achega da tecnoloxía na súa evolución ata a actualidade.	CCEC
<b>6. Os sistemas de escritura</b> - Identificación dos distintos sistemas de escritura e das súas principais características.	6. Distinguir as características dos distintos sistemas de escritura. Valorar a escritura como medio de comunicación e transmisor de cultura.	6.1. Distingue os principais sistemas de escritura e as súas características.	CCEC, CD, CAA
		6.2. Valora a escritura como medio de comunicación e transmisor de cultura.	CCEC
<b>7. Os principais alfabetos</b> - Clasificación dos diferentes alfabetos e identificación da súa evolución e as súas características.	7. Coñecer a evolución dos distintos alfabetos ata o alfabeto latino, así como distinguir os avances que cada un deles supuxo.	7.1. Coñece os distintos alfabetos principais, a súa evolución e características, así como a súa achega ao noso alfabeto latino.	CCEC, CD, CAA
<b>8. O alfabeto grego e latino</b> - Recoñecemento das letras do alfabeto grego e latino, a súa escritura e a pronunciación.	8. Recoñecer as letras, a súa escritura e a pronunciación do alfabeto grego e latino. Valorar a achega do alfabeto grego á escritura actual a través do alfabeto latino.	8.1. Identifica as letras do alfabeto grego e latino, coñece a súa escritura e a pronunciación.	CCL
		8.2. Valora a achega do alfabeto grego á escritura actual a través do alfabeto latino.	CCEC

PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

<p><b>9.A linguaxe e a escritura</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación da herdanza lingüística do grego e do latín nas linguas e escrituras actuais a través de actividades e comentarios de texto.</li> </ul>	<p>9. Identificar a herdanza lingüística do grego e do latín nas nosas linguas e sistema de escritura.</p>	<p>9.1. Identifica en actividades e comentarios de textos os elementos lingüísticos herdados do grego e do latín, tanto na propia lingua coma no sistema alfabético de escritura.</p>	<p>CCL, CAA, CSIEE</p>
<p><b>10. Pervivencia lingüística.</b> <b>Helenismos:</b> <i>-xeo-, -graf-ía, fil-o-/filia, -biblio</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación no léxico da propia lingua e coñecemento do significado que achegan os lexemas estudados.</li> </ul> <p><b>11. Expresións latinas:</b> <i>verba volant, scripta manent</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación do significado da expresión latina estudada.</li> </ul>	<p>10. Identificar e coñecer o significado que achegan os lexemas de orixe grega estudados na unidade na formación de helenismos da propia lingua, así como o significado dos helenismos derivados.</p>	<p>10.1. Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan a este a través da definición dos helenismos derivados.</p>	<p>CCL, CAA, CSIEE</p>
	<p>11. Coñecer o significado da expresión latina estudada e o seu uso correcto na propia lingua.</p>	<p>11.1. Coñece o significado da expresión latina estudada e utilízaa correctamente no discurso.</p>	<p>CCL, CAA, CSIEE</p>
<p><b>12. Pervivencia cultural.</b> <b>Seguimos sendo clásicos:</b> a fonte da deusa Cibeles.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación da pervivencia da mitoloxía en monumentos das cidades actuais: a fonte da deusa Cibeles.</li> </ul> <p><b>13. Anécdota:</b> a pedra Rosetta.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do descubrimento da pedra Rosetta e do seu significado no desciframento dos xeroglíficos exipcios.</li> </ul>	<p>12. Identificar a pervivencia de elementos míticos en monumentos modernos estudados.</p>	<p>12.1. Identifica a pervivencia dos mitos estudados na unidade en monumentos modernos.</p>	<p>CCEC, CCL, CAA, CD</p>
	<p>13. Coñecer o significado da pedra Rosetta no desciframento dos xeroglíficos exipcios.</p>	<p>13.1. Coñece a historia da pedra Rosetta e o seu significado no desciframento da escritura xeroglífica exipcia.</p>	<p>CD, CCEC, CCL, CSC</p>

<b>ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE. CONSECUCIÓN: 100%</b>
Lingua/Léxico. 1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.
<b>2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COAS LINGUAS DE ESPAÑA</b>
Lingua/Léxico. 1. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian de xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas. Lingua/Léxico. 2 Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando, pola súa orixe, romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que se utilizan.
<b>3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COA ESCRITURA</b>
Lingua/Léxico. 1. Recoñece diferentes tipos de escritura, clasificándoos conforme á súa natureza, e explicando algún dos trazos que distinguen a uns doutros.
<b>4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COA HISTORIA DO ALFABETO</b>
Lingua/Léxico. 1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras.
<b>5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COA PERVIVENCIA</b>
Pervivencia na actualidade. 1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos. Pervivencia na actualidade. 2. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para solicitar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.
<b>6. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COA MITOLOXÍA</b>
Mitoloxía. 1. Compara os heroes da mitoloxía clásica cos actuais, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre uns e outros, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. Mitoloxía. 2. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

## INDICADORES DE LOGRO.

\* Distingue e explica os diferentes trazos que permiten clasificar os sistemas de escritura e diferencialos entre si, tendo en conta a súa evolución co paso do tempo.

\* Define a escritura pictográfica ou ideográfica e achega exemplos.

\* Define a escritura fonética e identifica e diferencia os seus tipos: a escritura silábica e a escritura alfabética achegando exemplos de cada unha.

\* Describe o alfabeto grego e explica a súa orixe e a repercusión histórica e cultural.



- \* Identifica e reconece as letras do alfabeto grego e a súa transcripción latina.
- \* Explica que é o indoeuropeo.
- \* Identifica e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.
- \* Explica as linguas romances e a súa evolución desde o latín.
- \* Identifica e sinala nun mapa linguas romances na península ibérica, Francia, Italia e ao leste de Europa.
- \* Sinala nun mapa linguas romances que se haxan na Península
- \* Sinala nun mapa linguas romances que se haban na Península Ibérica
- \* Explica os cultismos e as palabras patrimoniais e clasifica vocábulos dentro dos grupos.
- \* Define os latinismos e explica e aplica con propiedade os usos dalgúns deles. mapa linguas romances que se haban na Península Ibérica
- \* Identifica étimos gregos e define o seu significado en castelán.

### TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade estudarase ao comezo da 1ª Avaliación, durante tres semanas aproximadamente, (6 sesións en 3º ESO).

Son en 3º de ESO dúas sesións semanais, polo que esta unidade didáctica será impartida na derradeira semana de setembro e nas dúas primeiras de outubro. Hai que ter en conta que a **terceira semana de setembro adicarase a avaliación inicial e á presentación da materia.**

<b>UNIDADE 1: AS LINGUAS E A SÚA ORIXE CLÁSICA (6SESIÓNS)</b> (Última semana de setembro e dúas primeiras de outubro)	
<b>SESIÓN</b>	<b>ESTÁNDAR</b>
1ª SESIÓN	1.1, 1.2, 2.1, 2.2
2º SESIÓN	3.1, 3.2, 4.1, 4.2
3º SESIÓN	5.1, 5.2, 6.1, 6.2
4º SESIÓN	7.1, 8.1, 8.2
5º SESIÓN	9.1, 10.1, 11.1
6º SESIÓN	12.1, 13.1

### **CONTIDOS TRANSVERSAIS**

**Comprensión lectora.** O alfabeto grego ; Ares-Marte ; A orixe do grego ; A supervivencia dos mitos gregos.

**Expresión oral e escrita.** Facer hipótese sobre a similitude das palabras en diferentes idiomas ; Clasificación de palabras patrimoniais ou cultas; identificación etimolóxica de étimos gregos: o seu uso e significado na ciencia

**Comunicación audiovisual.** Lectura inicial de imaxes sobre unha clase na Antigüidade clásica ; o alfabeto grego ; Unha orixe común. O Indoeuropeo ; un mural sobre a fundación de Roma ; elaboración dun memory do alfabeto grego .

**O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Localización e selección de información sobre as nove musas da mitoloxía clásica e sobre a lenda de Medusa ; localización e selección de información acerca da influencia do mito de Prometeo sobre o personaxe de Frankenstein.

**Emprendemento.** Descubrir a mitoloxía paseando por Madrid.

**Educación cívica e constitucional.** A importancia, o respecto e necesidade da diversidade lingüística e cultural; as linguas dominantes na historia e na actualidade ; Debate sobre o uso de monumentos en celebracións actuais.

**Valores persoais.** Actitudes de interese, respecto e curiosidade cara á diversidade lingüística e cultural.

## **UNIDADE 2. A RELIXIÓN GRECORROMANA**

### **INTRODUCCIÓN**

Os/as alumnos/as van traballar características e aspectos fundamentais da relixión grecorromana, diferenciando o culto público e o privado; identificarán deidades principais na súa denominación grega e latina; explorarán a relación do mundo antigo coa idea da morte.

### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer as características xerais da relixión na Antigüidade, tanto en Roma coma en Grecia. Comprender o que é un mito como base de todas as crenzas do mundo antigo.
2. Coñecer os principais significados do mito e os deuses que conformaban o panteón olímpico, as súas características e atributos.
3. Coñecer e aprender o panteón grecorromano, tanto os deuses olímpicos gregos coa súa correspondencia romana e as divindades particulares do mundo romano.
4. Identificar e distinguir os cultos e rituais en Grecia. Coñecer os diversos ritos e santuarios do mundo grego.
5. Identificar e distinguir os cultos e rituais en Roma. Coñecer os diversos ritos e santuarios do mundo romano.

**CONTIDOS DA UNIDADE/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<b>1. A relixión en Grecia</b> - Descrición do sentido e significado do mito na relixión grega e exposición e análise das características propias da relixión grega.	1. Coñecer o significado do mito na relixión grega e sinalar as principais características da relixión grega. Valorar o significado do mito na cultura e a relixión grega, así como a influencia que exerceu na cultura europea. Interesarse polas características da relixión grega, en especial polas súas semellanzas e diferenzas con outras relixións.	1.1 Coñece o significado do mito na relixión grega, sinala as principais características da relixión grega.	CCEC, CD, CSIEE, CCL, CAA
		1.2. Valora o influxo do mito na cultura e as artes de Europa.	CCEC
<b>2. Os deuses olímpicos</b> - Recoñecemento das principais características dos deuses olímpicos e identificación das súas denominacións, dominio, atributos e correlación cos deuses romanos.	2.. Coñecer as principais características dos deuses olímpicos. Identificar os seus nomes, dominio, atributos e correlación cos deuses romanos. Interesarse polas características humanas dos deuses olímpicos, así como polos seus atributos e o seu reflexo na cultura occidental.	2.1. Coñece as principais características dos deuses olímpicos e identifica os seus nomes, dominio, atributos e correlación cos deuses romanos.	CCEC, CD, CSIEE, CCL, CAA
		2..2. Mostra interese polo carácter humano dos deuses e polo coñecemento dos seus atributos como elementos que se mantiveron nas súas representacións artísticas.	CCEC, CD, CSIEE, CCL, CAA

<p><b>3. Mitos: Odiseo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento e exposición dos relatos míticos estudados na unidade, análise e valoración dos elementos que integran eses relatos míticos en relación, ben cos contidos da unidade estudada, ben con valores da sociedade actual.</li> </ul>	<p>3.1.. Coñecer os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Odiseo; realizar unha valoración e unha análise dos seus elementos principais e relacionar cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual. Interesarse polo coñecemento da mitoloxía como acervo cultural da nosa sociedade e polos valores que neles se transmiten.</p>	<p>3.1. Coñece os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Odiseo; realiza unha valoración e análise dos seus elementos principais e relaciónaos cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual.</p>
--	--	---

<p><b>4. A relixión en Roma</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación das principais características que definen á relixión dos romanos.</li> </ul>	<p>4.1. Distinguir as principais características da relixión romana. Interesarse polas características principais da relixión romana (superstición e relación cos deuses) como elemento que pode pervivir en moitas crenzas da sociedade actual.</p>	<p>4.1. Distingue as principais características da relixión dos romanos e a súa relación cos deuses.</p>	<p>CCEC, CD, CSC, CAA, CCL</p>
		<p>4.2. Analiza a como permanece a superstición e a relación cos deuses que mantíñan os romanos en crenzas actuais.</p>	<p>CCEC, CD, CSC, CAA, CCL</p>
<p><b>5. As divindades romanas</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación dalgúns deuses orixinais romanos e o seu ámbito de dominio, así como os deuses romanos incorporados e asimilados do panteón grego, as súas denominacións, dominio, atributos e correlación cos deuses gregos.</li> </ul>	<p>5.1 Identificar algúns deuses propios romanos e os deuses do panteón romano incorporados do panteón grego, os seus nomes, dominio, atributos e correlación cos deuses do panteón grego. Interesarse polos deuses integrantes do panteón romano, o seu correlato cos deuses gregos, denominación, dominio e atributos como elementos de cultura que exerceron o seu influxo nas artes europeas.</p>	<p>5.1. Identifica algúns deuses propios romanos e os deuses do panteón romano incorporados do panteón grego, os seus nomes, dominio, atributos e a súa correlación cos deuses do panteón grego.</p>	<p>CCEC, CD, CSC, CAA</p>

## PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

<p><b>6. Mitos: Eneas</b></p> <p>- Coñecemento e exposición dos relatos míticos estudados na unidade, análise e valoración dos elementos que integran eses relatos míticos en relación ben cos contidos da unidade estudada, ben con valores da sociedade actual.</p>	<p>6 Coñecer os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Eneas, realizar unha valoración e análise dos elementos principais destes e relacionar cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual. Interesarse polo coñecemento da mitoloxía como acervo cultural da nosa sociedade e polos valores que neles se transmiten, ben por afinidade ou por contraste cos actuais.</p>	<p>6.1. Coñece os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Eneas; realiza unha valoración e unha análise dos elementos principais destes e relaciónaos cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual.</p>	<p>CCL, CCEC, CSIEE</p>
---	--	---	---------------------------------

<p><b>7. Os ritos funerarios en Grecia e en Roma</b></p> <p>- Descrición das fases dos ritos funerarios en Grecia e en Roma, analizando as diferenzas mínimas entre eles e as existentes coa nosa sociedade.</p>	<p>7. Recoñecer as fases dos ritos funerarios de Grecia e en Roma indicando as posibles diferenzas entre eles e cos levados a cabo na sociedade actual. Valorar a morte e os ritos fúnebres como actos relixiosos e sociais, con sentidos ás veces semellantes e ás veces diferentes entre as sociedades antigas e as modernas.</p>	<p>7.1. Recoñece as fases dos ritos funerarios de Grecia e de Roma indicando as posibles diferenzas entre eles e cos levados a cabo na sociedade actual. Valora estes como indicativo de diferentes percepcións relixiosas e sociais.</p>	<p>CSC, CCEC,</p>
--	---	---	-----------------------

<p><b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS. CONSECUCCIÓN 100%. RELACIONADOS CON RELIXIÓN E SOCIEDADE EN GRECIA. OS DEUSES GREGOS</b></p>
<p>Mitoloxía. 1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.</p>
<p><b>2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COA PERVIVENCIA</b></p>
<p>Mitoloxía. 1. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai delas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</p>
<p>Pervivencia na actualidade. 1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.</p>
<p>Pervivencia na actualidade. 2. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para solicitar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.</p>

## 3. ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE. CONSECUCCIÓN: 100% .RELACIONADOS COA RELIXIÓN E A SOCIEDADE. O PANTEÓN ROMANO

- . Mitoloxía. 1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

## 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COA MITOLOXÍA

Mitoloxía. 1. Compara os heroes da mitoloxía clásica cos actuais, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre uns e outros e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.

Mitoloxía. 2. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

## 5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES NORMATIVOS RELACIONADOS COA MITOLOXÍA

Mitoloxía. 1. Compara os heroes da mitoloxía clásica cos actuais, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre uns e outros e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.

. Mitoloxía. 2. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai delas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

## INDICADORES DE LOGRO.

- \* Compara a relixión clásica con dúas relixións da actualidade.
- \* Investiga sobre a visión do mundo inferior en diferentes relixións.
- \* Explica o carácter social da relixión no mundo clásico.
- \* Explica as características do sistema mitolóxico: politeísta, antropomórfico e xerarquizado.
  - \* Explica os diferentes colexios sacerdotais, as súas características e as súas funcións principais.
  - \* Explica a función das prearias e os sacrificios e describe tipos.
  - \* Identifica características e aspectos principais dos rituais e as festas relixiosas grecorromanas.
    - \* Identifica características e aspectos principais dos ritos funerarios.
    - \* Establece diferenzas entre o culto público e a relixión privada.
    - \* Describe características e aspectos do culto familiar, os cultos místéricos e as supersticións.

## TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade será impartida durante 6 sesións da 1ª Avaliación, concretamente as dúas últimas semanas de outubro e a primeira semana de novembro.

<b>UNIDADE 2: A RELIXIÓN GRECORROMANA (6SESIÓNS)</b> ( As dúas ultimas semanas de outubro e a primeira de novembro))	
<b>SESIÓN</b>	<b>ESTÁNDAR</b>
1ª SESIÓN	1.1, 1.2,
2º SESIÓN	2.1, 2.2, 3.1
3º SESIÓN	4.1, 4.2,
4º SESIÓN	5.1
5º SESIÓN	6.1
6º SESIÓN	7.1

## TEMAS TRANSVERSAIS

**Comprensión lectora.** O oráculo de Delfos; Interpretación de textos literarios e imaxes grecorromanas; Hades-Plutón ; A procesión da deusa Isis .

**Expresión oral e escrita.** Que significa relixión?; explicar a relixiosidade no mundo antigo; elaborar unha ficha de deuses grecorromanos e as súas características principais ; etimoloxía de palabras procedentes do mundo relixioso.

**Comunicación audiovisual.** Lectura e interpretación de imaxe inicial: debuxo dunha vista aérea do oráculo.. Descrición de imaxes con motivos relixiosos e/ou funerarios.

**O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Localizar, e seleccionar información sobre Homero e Hesíodo ; Localizar, e seleccionar información sobre Osiris, Isis e Mitra ; Localizar, e seleccionar información sobre as estacións do ano e a súa orixe mitolóxico; Localizar, e seleccionar información sobre os restos arqueolóxicos de Cartaxena.



**Emprendemento**: Interpretación de textos literarios e imaxes grecorromanas ; Elaboración dunha guía turística de Cartaxena .

**Educación cívica e constitucional**. Comparación da relixión clásica con outras relixións actuais ; A procura de cultos das sociedades ; Respecto e interese cara ao patrimonio histórico e cultural .

**Valores persoais**. Respecto e curiosidade cara á liberdade e diversidade relixiosa e cultural.

### UNIDADE 3. A INFANCIA NO MUNDO CLÁSICO

#### INTRODUCCIÓN.

A unidade parte dunha recensión sobre os xogos na Antigüidade clásica para penetrarse na descrición dos factores principais e os aspectos xerais da vida cotiá infantil: a relación dos pais cos fillos, a imposición do nome aos nenos, os rituais de nacemento, o sistema de ensino e a indumentaria infantil.

#### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer as fases que se producían en Grecia e en Roma desde o nacemento ata o recoñecemento do fillo e da filla nados por parte da familia.
2. Identificar as diferenzas na educación de nenos e nenas gregos e as principais áreas de coñecemento que se impartían na educación dun mozo grego.

## PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

3. Recoñecer as etapas, características e contidos que conformaban a educación dos nenos e nenas romanos e as principais áreas de coñecemento que se impartían na educación dun mozo romano.
4. Identificar as principais funcións e o papel que desempeñaban as mulleres gregas e romanas nas súas respectivas sociedades.

**CONTIDOS DA UNIDADE/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<b>1. O nacemento en Grecia</b> - Descrición das fases desde o nacemento dun neno en Grecia ata o recoñecemento e imposición do nome, así como as diferenzas que existían coas nenas.	1. Sinalar as distintas fases que se producen desde o nacemento ata o recoñecemento e imposición dun nome aos nenos en Grecia. Coñecer as diferenzas co nacemento dunha nena. Interesarse polo proceso e ritual de incorporación dun novo membro á familia, analizando as diferenzas entre xéneros, e a súa comparación co proceso e ritual das sociedades modernas.	1.1. Sinala as distintas fases que se producen desde o nacemento ata o recoñecemento e imposición dun nome aos nenos en Grecia.	CSC, CCEC, CMCT, CSIEE
		1.2. Coñece as diferenzas co nacemento dunha nena.	CSC, CCEC, CMCT, CSIEE
<b>2. O nacemento en Roma</b> - Recoñecemento das partes que integraban o ritual do nacemento en Roma. Identificación dos compoñentes do nome romano e do seu significado.	2. Distinguir as partes rituais que en Roma conducían ao recoñecemento dun neno acabado de nacer. Identificar e recoñecer as partes e o sentido dos nomes romanos. Coñecer as diferenzas que existían entre xéneros desde o nacemento. Analizar a presenza de certas diferenzas neses mesmos elementos nas sociedades actuais.	2.1. Distingue as partes rituais que en Roma conducían ao recoñecemento dun bebé acabado de nacer.	CSC, CCEC, CMCT, CSIEE
		2.2. Identifica e recoñece as partes e o sentido dos nomes romanos.	CCEC, CSIEE
		2.3. Coñece as diferenzas que existían entre xéneros desde o nacemento e analízalas desde a súa posible presenza na nosa sociedade.	CSC, CCEC, CMCT, CSIEE
<b>3. A educación de nenos e nenas en Grecia</b> - Recoñecemento das diferenzas que existían entre xéneros, tanto en educación coma no paso da infancia á xuventude.	3. Identificar as diferenzas que na educación e a saída da infancia se presentaban entre nenos e nenas en Grecia. Valorar as diferenzas que en educación se producían entre xéneros como elemento de contraste e análise coa sociedade actual.	3.1. Identifica as diferenzas que na educación e o paso da infancia á xuventude se presentaban entre nenos e nenas en Grecia.	CSC, CD, CSIEE, CAA, CCL, CEE
		3.2. Valoración destas diferenzas por contraste coa situación na sociedade actual.	CEE, CAA

## PROGRAMACIÓN. CULTURA CLÁSICA. IES POETA AÑÓN.

<p><b>4. A escola en Grecia</b></p> <p>- Identificación das condicións de idade e condición social para a asistencia á escola dos nenos gregos, así como as materias que se estudaban, o seu contido e finalidade.</p>	<p>4. Coñecer as condicións de asistencia á escola dos nenos e nenas gregos segundo idade e condición social, e identificar as materias que se traballaban na escola (Literatura, Ximnasia e Música) e a finalidade destas. Interesarse por coñecer o tipo de formación que recibían os nenos e nenas gregos e a súa comparación co sistema educativo actual.</p>	<p>4.1. Coñece as condicións de asistencia á escola dos nenos e nenas gregos segundo idade e condición social, e identifica as materias que se traballaban na escola (Literatura, Ximnasia e Música) e a finalidade destas.</p>	<p>CSC, CD, CSIEE, CAA, CCL, CEE</p>
		<p>4.2. Analiza as diferenzas do sistema educativo grego co sistema educativo de ensino primario no noso país.</p>	<p>CSIEE, CAA, CCL, CEE</p>
